

SECCIÓN BILINGÜE
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL
3º e 4º
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. COMPETENCIA ARTÍSTICA E CULTURAL:

Adquírese fundamentalmente a través da área de educación plástica e visual, estando presente ao longo de todo o currículo. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da liguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das produccions artísticas do propio patrimonio cultural e do alleo. Contribúese tamén a acadar esta competencia cando se experimenta e investiga con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe.

2. AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL:

Os procesos de creación contribúen á adquisición desta competencia, desde a idea, ata a consecución do produto. A educación plástica e visual incide estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa ao alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

3. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ:

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento desta competencia.

Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuirase á adquisición de habilidades sociais.

4. COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER:

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa contribúe a favorecer esta competencia, que implica a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

5. COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL:

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao contorno audiovisual e multimedia na EpeV, expresa o papel que se otorga a esta materia na adquisición da competencia no tratamento da información,

sobre todo a información que se basea en imaxes. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que pola súa vez, colabora na adquisición da competencia dixital.

6. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN NO MUNDO FÍSICO:

A EpeV contribúe á adquisición da desta competencia mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise. Así mesmo, introduce valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto ás boas prácticas na utilización de materiais para a creación de obras.

7. COMPETENCIA MATEMÁTICA:

Esta área contribúe á súa adquisición desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundando no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas.

8. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:

A capacidade comunicativa enriquecese con esta materia, dado que a linguaxe plástica e visual posúe uns procedementos comúns que permiten facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións integrando a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes.

3º E.S.O.

OBXECTIVOS

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas (nas linguas maternas e en inglés), a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico anteas mensaxes visuais.
2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes (latinas, anglosaxonas...). Apreciar a como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas
3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
4. Sensibilizar o alumnado ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.
5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual, nas linguas maternas e en inglés cando sexa posible.

6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.

7. Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación mais axeitadas, procurando atopar fontes en lingua inglesa.

8. Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.

9. Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.

10. Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación, fomentando o uso da lingua inglesa.

11. Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo, tanto na aprendizaxe da plástica como na da lingua inglesa.

CONTIDOS

a) DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS POR BLOQUES

Non todos os contidos do curso traballaránse en lingua inglesa. Algúns se impartirán nas linguas maternas. Os que se traballarán na Sección Bilingüe serán os seguintes:

Bloque 1. Observar e comprender.

- Lectura de imaxes, recoñecendo os elementos visuais, conceptuais e relacionais.
- Recoñecemento das finalidades comunicativa, expresiva e estética da comunicación visual.

Bloque 2. Interpretar, expresar e crear.

- Experimentación e exploración dos elementos que estruturan as formas e as imaxes (luz, forma, cor, textura, dimensión).
- Descubrimento e representación subxectiva das formas (posición, situación, ritmos, claroscuro, efectos visuais, imaxinación, fantasía).
- Sensibilización ante as variacións visuais producidas polos cambios lumínicos.

Experimentación e utilización de técnicas en función das intencións expresivas e descritivas.

- Realización de apuntamentos, boquexos e esquemas en todo o proceso de creación(desde a idea inicial ata a elaboración de imaxes e formas), facilitando o proceso dereflexión, autoavaliación e avaliación.
- Producción colectiva de obras plásticas en distintos soportes.
- Representación persoal de ideas, en base a uns obxectivos, utilizando a linguaxe visual e plástica e manifestando iniciativa, creatividade e imaxinación.
- Construción de formas tridimensionais en función dunha idea ou obxectivo condiversidade de materiais.
- Actitude responsable no desenvolvemento da obra propia ou colectiva.

Bloque 3. Contorno audiovisual e multimedia.

- Identificación da linguaxe visual en prensa, publicidade e televisión.
- Experimentación e utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura, tratamento e creación de imaxes plásticas.
- Actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade e rexeitamento dos elementos de esta que supoñan discriminación social, de xénero ouracial.
- Recoñecemento e valoración da presenza e influencia da imaxe no noso tempo.

Bloque 4. Dimensión social e cultural.

- Análise de obras do patrimonio cultural propio detectando as similitudes e as diferenzas respecto doutras sociedades e culturas.
- Determinación dos valores plásticos e factores persoais e sociais que destaquen nunha obra determinada e o seu autor, realizando esquemas e sínteses sobre algunhas obras para destacar os valores mais importantes.

b) DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS EN UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

Os contidos para este curso poderán ser distribuídos por unidades didácticas,segundo o esquema que figura a continuación. A temporalización será flexible e se faiconstar como unha referencia. Esta distribución temporal adaptaráse, en todo caso, áscaracterísticas do alumnado, así como á distribución das datas de avaliación de cada ano.Entendemos que na Sección Bilingüe será necesario máis tempo para impartir os mesmos contidos, polo cal estes veranse reducidos lixeiramente.

1ºTRIMESTRE.

UNIDADE 1. ELEMENTOS DA LIGUAXE VISUAL

- Tipoloxía das formas
- Interrelación das formas

- Tanxencias e enlaces

UNIDADE 2. A COR

- Dimensións da cor
- Sensacións cromáticas
- Aspectos comunicativos da cor

UNIDADE 3. AS FORMAS NO PLANO

- Composición e organización
- A expresividade das composicións

2º TRIMESTRE.

UNIDADE 4. CREACIÓN E OPCIONS COMPOSITIVAS

- A composición modular
- Planteamentos compositivos na arte
- A composición tridimensional

UNIDADE 5. AS MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS

- A arte e o tempo
- A arte contemporánea

UNIDADE 6. O SISTEMA DIÉDRICO APLICADO

- Fundamentos do sistema diédrico
- Descrición técnica

3º TRIMESTRE

UNIDADE 7. DEBUXAR EN PERSPECTIVA

- Perspectivas axonométricas
- Perspectiva cónica
- A ambientación das perspectivas

UNIDADE 8. AS IMAXES DIXITAIS

- A imaxe dixital fixa
- As imaxes en movemento

CONTIDOS.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

1. ELEMENTOS DA LIGUAXE

VISUAL

- Tipoloxía das formas
- Interrelación das formas
- Tanxencias e enlaces

2. A COR

- Dimensións da cor
- Sensacións cromáticas
- Aspectos comunicativos da cor

3. AS FORMAS NO PLANO

- Composición e organización

4. CREACIÓN E OPCIONS

COMPOSITIVAS

- A composición modular

5. AS MANIFESTACIÓN

ARTÍSTICAS

- A arte e o tempo

6. O SISTEMA DIÉDRICO

APLICADO

- Fundamentos do sistema diédrico

7. DEBUXAR EN PERSPECTIVA

- Perspectivas axonométricas
- Perspectiva cónica

8. AS IMAXES DIXITAIS

- A imaxe dixital fixa

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os mínimos necesarios para superar cada curso son recollidos no apartado de

contidos mínimos esixibles.

A avaliación da Sección Bilingüe coincide aplica os mesmos criterios xerais que a do curso de referencia. Avaliaranse só os contidos da materia, non os da lingua a estudar. En todo caso, a participación e boa actitude nesta serán valorados positivamente. Os criterios xerais son os seguintes:

1. Recoñecer a linguaxe visual e plástica como un modo de comunicación, tendo en conta as súas contribucións no desenvolvemento das capacidades perceptivas, expresivas e estéticas do individuo.

Este criterio pretende avaliar se as alumnas e os alumnos son quen de apreciar a importancia da comunicación a través de linguaxes non verbais.

2. Representar obxectos e ideas de forma bidimensional ou tridimensional tendo en conta elementos visuais establecidos previamente e utilizando as bases dos sistemas proxectivos convencionais.

Este criterio pretende avaliar a progresión dos coñecementos xeométricos e se o alumnado é capaz de tomar decisións especificando os obxectivos e as dificultades e propoñer e avaliar as consecuencias, elixindo a mellor solución.

3. Identificar os elementos constitutivos esenciais de obxectos e/ou aspectos da realidade (estrutura, variacións de luz e cor, orientación espacial e textura) e de relación entre eles.

Con este criterio compróbase se o alumnado é capaz de identificar as calidades que determinan o valor físico, funcional e estético e de describir por medio de recursos plásticos as proporcións e as relacións de forma, cor, ritmo e textura, presentes na realidade para interpretala obxectiva ou subxectivamente.

4. Diferenciar e recoñecer os procesos, técnicas, estratexias e materiais en imaxes do contorno audiovisual e multimedia, nas linguas maternas e en lingua inglesa.

Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado é capaz de utilizar e analizar os medios tecnolóxicos como instrumentos de expresión visual mostrando unha actitude crítica fronte ás manifestacións consumistas, insolidarias, sexistas e discriminatorias.

5. Elaborar e participar, activamente, en proxectos de creación visual cooperativos como, por exemplo, producións videográficas ou plásticas, aplicando as estratexias propias e adecuadas da linguaxe plástica e visual. Utilizar a lingua inglesa cando sexa posible.

Este criterio permite avaliar se o alumnado manifesta actitudes de respecto, tolerancia, flexibilidade e interese dentro dun equipo de traballo, así como se maneja axeitadamente os recursos, medios, ferramentas e técnicas que se empregan nos distintos procesos.

6. Realizar creacións plásticas seguindo o proceso de creación, amosando interese, iniciativa, creatividade e imaxinación.

Mediante este criterio preténdese avaliar se o alumnado toma conciencia das necesidades en función dos obxectivos e de valorar criticamente a súa produción aceptando os propios erros como instrumento de mellora.

7. Elixir e manexar os materiais máis adecuados para elaborar un produto visual e plástico en base a uns obxectivos prefixados e a autoavaliación continua do proceso de realización.

Compróbase con este criterio se o alumnado é capaz de utilizar estratexias compositivas adecuadas, fai un bo uso das técnicas e diferenza a orixe e as variacións dos elementos visuais para realizar as súas propias creacións.

8. Diferenciar os estilos e as tendencias das artes visuais a través do tempo e atendendo á diversidade cultural. Farase fincapé en manifestacións artísticas e culturais anglosaxonas e de lingua inglesa.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de valorar as formas e as imaxes que propoñen as distintas expresións artísticas e o interese mostrado polo seu estudo, análise e interpretación.

4º E.S.O.

OBXECTIVOS

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas (nas linguas maternas e en inglés), a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.

2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes (latinas, anglosaxonas...). Apreciar como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.

3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.

4. Sensibilizar o alumnado ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.

5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual, nas linguas maternas e en inglés cando sexa posible.

6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.

7. Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas, procurando atopar fontes en lingua inglesa.

8. Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.

9. Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo dos obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.

10. Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación, fomentando o uso da lingua inglesa.

11. Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo, tanto na aprendizaxe da plástica como na da lingua inglesa.

CONTIDOS

a) DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS POR BLOQUES

Bloque 1. Procesos comúns á creación artística.

- Realización e seguimento do proceso de creación: bosquexo ou esquema, guión ou proxecto, presentación final ou maqueta e avaliación (reflexión, autoavaliación e avaliación colectiva do proceso e do resultado final).

- Selección e utilización das tecnoloxías da información e da comunicación nas producións propias.

Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.

- Iniciativa, creatividade e autoexigencia no proceso de creación artística e na superación das creacións propias.

Bloque 2. Expresión plástica e visual.

- Realización de experiencias de experimentación con materiais diversos.

- Interese pola busca e investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas cuns fins concretos.

Bloque 3. Artes gráficas e deseño.

- Valores funcionais e estéticos nas artes aplicadas.

- Fundamentos do deseño e das súas técnicas gráfico-plásticas.

- Sintaxe das linguaxes visuais do deseño e da publicidade.

- Lectura e valoración das imaxes do contorno de deseño e da publicidade.

Bloque 4. Imaxe e son.

- Técnicas de expresión gráfico-plásticas aplicadas á imaxe fixa, seriada e en movemento.

- Recoñecemento e lectura de imaxes presentes en distintos soportes.

- Sintaxe da linguaxe audiovisual.

- Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas para o rexistro, tratamento, creación e difusión de produtos audiovisuais.

Bloque 5. Descrición obxectiva das formas.

- Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional.

- Contornos de aplicación dos sistemas de representación.
- Normalización.
- Recoñecemento e lectura de representacións bidimensionais de obras arquitectónicas e de obxectos e aparellos técnicos.

b) DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS EN UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

Os contidos para este curso poderán ser distribuídos por unidades didácticas, segundo o esquema que figura a continuación. A temporalización será flexible e se fai constar como unha referencia. Esta distribución temporal adaptaráse, en todo caso, ás características do alumnado, así como á distribución das datas de avaliación de cada ano.

Entendemos que na Sección Bilingüe será necesario máis tempo para impartir os mesmos contidos, polo cal estes veranse reducidos lixeiramente.

1º trimestre

UNIDADE 1. DEBUXO, MATERIAIS E TÉCNICAS: PROCESO CREATIVO

- O proceso de debuxar: ver, observar, recordar, representar e comunicar. A memoria visual. A lóxica representativa.
- As técnicas gráficas: materiais e aplicacións.
- Os materiais e técnicas de coloreado e de pintura.
 - As técnicas pictóricas na obra artística.
- Elementos para o debuxo do natural: formato e encadre; o soporte; o encaixe e a estruturación das formas; o acabado en claroscuro.

UNIDADE 2. AS CLAVES DA ARTE

- A análise formalista das imaxes: elementos visuais, elementos conceptuais, elementos de relación, solución compositiva, expresividade, estilo.
- A textura como elemento protagonista de obras artísticas.
 - A análise temática:
 - O tema e o xénero.
 - Os valores simbólicos das obras artísticas.
 - Símbolos e sociedades.
 - Os repertorios clásicos de símbolos.
 - A linguaxe arquitectónica.
 - Elementos.

- Estructura e composición arquitectónica.
- A perspectiva isométrica aplicada.
- Épocas e estilos arquitectónicos.
 - A paisaxe:
 - Concepto e signos visuais.
 - A obra de arte na paisaxe.
- Os entornos degradados e a preservación do entorno.

2º trimestre

UNIDADE 3.

COMUNICACIÓN E LINGUAXE AUDIOVISUAL

- O proceso de comunicación visual.
- Axentes e elementos que interveñen no proceso: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, ruído e contexto.
 - A publicidade:
 - A axencia de publicidade: anunciantes, produtores e consumidores.
 - A difusión publicitaria.
 - A linguaxe cinematográfica e videográfica:
 - Elementos: a composición, a profundidade de campo, o encadre, os ángulos de visión e os movementos de cámara.
 - O guión cinematográfico.
 - As personaxes.
- A montaxe. Tipos. A continuidade na narración e a estruturación do tempo.
 - Os xéneros cinematográficos.
 - Os xéneros televisivos.
 - Técnicas e tipos de animación.

UNIDADE 4.A REPRESENTACIÓN TÉCNICA

- Elementos fundamentais da xeometría plana.
 - Tanxencias e enlaces.
 - Curvas xeométricas: óvalo, ovoide espiral.
- Os sistemas de representación: sistema acotado, sistema diédrico, perspectiva cónica, sistema axonométrico.
 - Sistema diédrico:
 - Representación de elementos.

-Posicións fundamentais.

- Sistema axonométrico:

- Representación de corpos en perspectiva cabaleira.

- Representación de corpos en perspectiva isométrica.

- Debuxo técnico informatizado.

- Normalización:

- Formato, liñas, signos e símbolos.

- Representación a escala.

- Normas de acotación.

UNIDADE 5.DESEÑO: FORMA E FUNCIÓN

- As necesidades sociais e os obxectos

- Os grandes ámbitos do deseño: industrial, de espazos, gráfico, de moda e textil.

- Tendencias do deseño: formalismo e o funcionalismo.

- Proceso de análise dos obxectos: identificación e documentación, antecedentes, descrición, análise de funcións, valoración.

- Definición dun proceso de deseño. A multiplicidade de respostas. A tormenta de ideas.

- A natureza como modelo.

- Ergonomía:

- relación das funcións dun obxecto coas súas dimensións e formas

- medidas e proporcións humanas.

- A cor no deseño:

- a armonización da cor

- a cor como configuradora de ambientes

- a interacción da cor

- cor e visibilidade

- a cor como reclamo.

- A tipografía:

- os atributos das letras: fonte, estilo e corpo.

- relacións entre forma e significado nas letras.

- composición tipográfica e expresividade.

- Criterios de valoración e decisión: a coherencia formal, a simplificación das formas, a adaptación da forma á función, as posibilidades dos materiais

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

UNIDADE 1. DEBUXO, MATERIAIS E TÉCNICAS: PROCESO CREATIVO

- O proceso de debuxar: ver, observar, recordar, representar e comunicar.
 - As técnicas gráficas: materiais e aplicacións.
 - Os materiais e técnicas de coloreado e de pintura.
- Elementos para o debuxo do natural: formato e encadre; o soporte; o encaixe e a estruturación das formas; o acabado en claroscuro.

UNIDADE 2. AS CLAVES DA ARTE

- A análise formalista das imaxes: elementos visuais, elementos conceptuais, elementos de relación, solución compositiva, expresividade, estilo.
 - A análise temática:
 - O tema e o xénero.

UNIDADE 3. COMUNICACIÓN E LINGUAXE AUDIOVISUAL

- Axentes e elementos que interveñen no proceso: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, ruído e contexto.
 - A publicidade.
 - A linguaxe cinematográfica e videográfica:
 - Elementos: a composición, a profundidade de campo, o encadre, os ángulos de visión e os movementos de cámara.

UNIDADE 4. A REPRESENTACIÓN TÉCNICA

- Elementos fundamentais da xeometría plana.
 - Tanxencias e enlaces.
 - Curvas xeométricas: óvalo, ovoide espiral.
- Os sistemas de representación: sistema acotado, sistema diédrico, perspectiva cónica, sistema axonométrico.
 - Normalización.

UNIDADE 5. DESEÑO: FORMA E FUNCIÓN

- Os grandes ámbitos do deseño: industrial, de espazos, gráfico, de moda e textil.
 - Proceso de análise dos obxectos: identificación e documentación, antecedentes, descrición, análise de funcións, valoración.
 - Ergonomía:
 - relación das funcións dun obxecto coas súas dimensións e formas
 - A cor no deseño.
 - A tipografía:
 - os atributos das letras: fonte, estilo e corpo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos necesarios para superar cada curso son recollidos no apartado de **contidos mínimos esixibles**.

A avaliación da Sección Bilingüe coincide aplica os mesmos criterios xerais que a do curso de referencia. Avaliaranse só os contidos da materia, non os da lingua a estudar. Entodo caso, a participación e boa actitude nesta serán valorados positivamente.

Os criterios xerais son os seguintes:

1. Tomar decisións especificando os obxectivos e as dificultades, proponendo diversas opcións e avaliando cal é a mellor opción.

Este criterio pretende coñecer se as alumnas e os alumnos adquiren habilidades para ter autonomía, creatividade e responsabilidade no traballo.

2. Utilizar recursos informáticos e novas tecnoloxías no proceso de elaboración da imaxe fotográfica, o deseño gráfico, o debuxo asistido por ordenador e a edición videográfica, utilizando a lingua inglesa como vehículo de expresión cando sexa posible.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de utilizar diversidade de ferramentas da cultura actual relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación para realizar as súas propias creacións.

3. Colaborar na realización de proxectos plásticos que requiren unha organización de forma cooperativa.

Mediante este criterio inténtase comprobar se o alumnado é capaz de elaborar e participar, activamente, en proxectos cooperativos aplicando estratexias propias e adecuadas da linguaxe visual.

4. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diversidade de técnicas de expresión gráficoplásticas (debuxo, volume, pintura, gravado...)

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado coñece distintos soportes e técnicas bidimensionais e tridimensionais.

5. Utilizar a sintaxe propia das formas visuais do deseño e da publicidade para realizar proxectos concretos, utilizando as linguas maternas así como a lingua inglesa.

Con este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de distinguir nun obxecto simple ben deseñado os seus valores funcionais estéticos (proporción entre as partes, cor, textura, forma, etc.).

6. Elaborar obras multimedia e producións videográficas utilizando as técnicas adecuadas ao medio, en lingua inglesa cando sexa posible.

Preténdese avaliar se o alumnado é capaz de recoñecer e integrar os procesos, as técnicas e os materiais utilizados no eido multimedia, fotográfico, da animación, do son e videográfico, así como de utilizar as súas linguaxes específicas.

7. Describir obxectivamente as formas, aplicando sistemas de representación e normalización.

Avalíase a capacidade de representar a realidade tal como se ve sobre un soporte bidimensional mediante operacións que non requiran operacións complicadas no seu trazado. Terase en conta a corrección do trazado xeométrico dos elementos utilizados. A súa adecuada relación entre distancia e tamaño e a súa disposición no espazo.

8. Recoñecer e ler imaxes, obras e obxectos dos contornos visuais (obras de arte, deseño, multimedia...)

Preténdese coñecer se o alumnado é capaz de ter actitudes críticas e de aprecio e respecto cara as manifestacións plásticas e visuais do seu contorno.

METODOLOXÍA

a) PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Tal como ven reflexado nos obxectivos para a Área de Educación Plástica e Visual, o currículo da área pretende por unha banda potenciar nos alumnos e alumnas da E.S.O. a capacidade de apreciar no seu entorno visual os valores propios das artes visuais, así como saber expresar as súas ideas e intencións por medio da linguaxe visual e plástica. Non se pretende, por tanto, formar artistas, senón persoas que sexan capaces de manexar uns medios concretos, e que isto repercuta nas súas actuacións ante a realidade.

Tampouco nos debemos de olvidar que os métodos de traballo deben contribuir á consecución das competencias básicas.

Especialmente na sección Bilingüe, a metodoloxía estará baseada na comunicación, na interacción e en priorizar os aspectos orais da lingua.

Fomentaranse traballos que desenvolvan centros de interese do contorno próximo, das necesidades do alumnado e da expresión dos seus desexos, dando importancia á motivación, á implicación afectiva e ao contexto, así como á conexión cos campos de traballo doutras áreas dun xeito global.

Os procedementos de traballo han de ser comunicativos e interactivos por parte da profesora. Para que os alumnos comprendan contidos conceptuais en lingua inglesa necesitan actividades repetitivas e de memorización. Para os contidos procedimentais precisan de actividades experienciais e de repetición na acción. Para traballar as actitudes é necesario recurrir ao exemplo, á observación, á imitación.

c) CRITERIOS METODOLÓXICOS

Organizamos os contidos atendendo ós seguintes criterios:

a) criterio de dificultade: os contidos se organizan de forma que se comece polos máis concretos e básicos, para despois pasar ós de carácter máis abstracto, que polo tanto esixan unha maior capacidade de comprensión. A abstracción aquí non se refire a unha das características das artes (abstractas ou figurativas), senón á configuración do coñecimento.

b) criterio de interese: os contidos deben conectar cos intereses e necesidades dos alumnos, proporcionándolles de forma clara e atractiva para eles a utilidade das súas aprendizaxes.

c) criterio de organización cíclica: no tratamento dos contidos seguirase unha gradación no nivel de dificultade de forma que nos cursos máis baixos se tratan en forma de iniciación e se chega a unha especialización nos últimos cursos desta etapa. Hai que ter en conta, ademais, que en 4º de E.S.O. a asignatura é optativa, polo tanto en 3º os contidos deben ter un carácter final e tamén de preparación para o seguinte curso.

d) criterio de operatividade: os coñecimentos deben levar ós alumnos a “saber ver”, “saber interpretar” e “saber facer”. Polo tanto, a metodoloxía de traballo na aula debe seguir estes tres pasos, utilizando según o caso que esteamos tratando, un criterio inductivo ou deductivo. Isto significa que ás veces o saber facer nos levará a saber ver, outras o saber interpretar nos levará a saber facer, etc.

e)

METODOLOXÍA

Para “saber ver”:

- por en contacto ós alumnos con obras xa realizadas para que se observen as peculiaridades que as categorizan nun determinado campo de expresión plástica;
- presentar a teoría correspondente a cada un dos campos da expresión visual e plástica e formalizar esta teoría para que sexa útil en múltiples situacións;
- os alumnos deben aplicar os coñecimentos adquiridos na observación de novas obras.

Para “saber interpretar”:

- levar ós alumnos a que recoñezan nunha obra qué rasgos son os que fan que teña claridade, estética e exactitude no seu trazado;
- que recoñezan o valor expresivo dos elementos que utilicen nun determinado traballo;

- valorar e interpretar unha obra analisando os seus elementos e sintetizando o conxunto;
-

Para “saber facer”:

- que os alumnos traballen coa técnica adecuada a cada forma da linguaxe plástica;
- fomentar a investigación e a creatividade, incitando a que cada alumno sexa capaz de elixir a técnica que millor se acomode a cada necesidade de expresión;
- que usen as técnicas con rigor, exactitude e precisión de acordo con cada etapa.

Estas estratexias serán concretadas en diferentes actividades de ensinanza aprendizaxe, na aula ou nas casas dos alumnos. Todas as actividades deben estar planificadas e inscritas no marco da unidade didáctica correspondente.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

En función das necesidades que aparecen cando se intenta dar resposta á diversidade dos alumnos e a heteroxeneidade das actividades de ensino-aprendizaxe, o agrupamento dos alumnos debe ser o máis flexible que se poda. Con isto se intentará dar resposta puntual ás diferencias en nivel de coñecimentos, ritmo de aprendizaxe e intereses motivacións.

Nalgúns casos se farán intervencións en pequenos grupos, para levar a cabo actividades de reforzo cos alumnos con ritmo máis lento. Ou actividades de ampliación cos alumnos con ritmo de aprendizaxe máis rápido.

Outras veces os grupos se formarán tendo en conta os diferentes intereses dos alumnos, buscando que sexan afíns ou que se complementen entre eles. Esta sería unha distribución de tipo taller, que depende, en todo caso, do tipo de traballo a desenvolver.

ORGANIZACIÓN DO ESPACIO

A utilización dos diversos espazos (dentro e fóra da aula) se realizará en función da natureza das actividades que se leven a cabo.

Dentro da aula se procurará que haxa diferentes espazos articulados de modo que se poda traballar con comodidade e utilizar a maior cantidade de técnicas e materiais posibles.

Tendo en conta o tamaño da aula na que traballamos, esto só resultará posible cando haxa un número de alumnos inferior ó que estamos tendo na actualidade en case todos os cursos.

Debe permitir aos rapaces traballar individualmente ou en pequenos grupos, e que eles mesmos se fagan responsables do seu espacio e do seu material.

Para que esta distribución se poda facer realidade sempre hai que ter en conta que se necesitará unha aula taller específica para Educación Plástica e Visual, e, no que sexa posible, os materiais apropiados.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A forma de garantir xeneralizadamente a consecución dos obxectivos básicos da área é o uso dun material que guíe aos alumnos/as e lles asegure un percorrido completo (aínda que moitas veces, debido ó tempo con que contamos, sexa rápido e superficial) polos aspectos máis relevantes que esta área pode ofrecer a un chico/a de hoxe con 12-16 anos, ao tempo que esperta neles panoramas de interese para o seu futuro profesional e personal.

Consideramos que este material básico pode ser aportado por un libro de texto, co calos alumnos/as terán sempre á súa disposición un material visual en forma de fotografías e ilustracións.

Este material visual será complementado e ampliado coa utilización de imaxes impresas, proxección de vídeos didácticos, presentacións de diapositivas dixitais, etc, nas que se empregará progresivamente a lingua inglesa, dependendo do grao de dificultade dos contidos. Para isto, utilizaranse tanto materiais elaborados pola profesora, como se incentivará o uso de información atopado na rede.

A práctica dos contidos dixitais será impartida segundo os medios que aporte o centro. Neste momento podería ser na aula de informática ou na biblioteca, segundo dispoñibilidade horaria e tamaño do grupo de alumnos.

No punto anterior presentouse a aula como un espacio taller para levar a cabo diversas actividades. Polo tanto, necesítase contar cunha serie de materiais específicos que se poden catalogar en funxibles e non funxibles. Dentro dos funxibles teríamos: lápiz, papel, lápices de cores, rotuladores, témperas, ceras, escuadra, cartabón, regra e compás. Os alumnos non teñen que traer de casa ningún deste material xa que, desde o departamento, lles dá a posibilidade de utilizar o material de xeito compartido con outros cursos. A financiación deste material corre a cargo en parte do departamento e en parte dunha aportación económica que se lle solicita aos alumnos. Esta medida foi aprobada polo consello escolar do centro, e a profesora que imparte esta sección bilingüe a aplicará mentras os resultados sigan sendo positivos. De non ser así, cada alumno deberá traer o material obrigatorio da súa casa.

Hai outro tipo de materiais que sempre van estar á súa disposición na aula, como revistas, pinturas, papeis e cartóns diversos, materiais de desfeito, etc. Materiais non funxíbeis serán un tórculo de gravado, un forno para cerámica, material fotográfico, cabaletes de pintura e modelado, modelos de

xeso, televisor e vídeo, cámara fotográfica, ordenador e proxector de imaxes, etc.

Estes e outros materiais serán empregados a criterio do profesor, segundo a unidade didáctica que se estea a traballar, e con eles se pretende ademais de traballar os contidos, motivar e interesar aos alumnos/as polo uso dunha linguaxe que estará presente ao longo das súas vidas: a linguaxe visual e plástica.

MATERIAIS CURRICULARES

3º - non se utilizará ningún texto con carácter obrigatorio

4º - non se utilizará ningún texto con carácter obrigatorio

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación do alumnado se levará a cabo tendo en conta tres referencias: a consecución dos obxectivos xerais da Etapa, dos obxectivos da Área de Educación Plástica e Visual e das competencias básicas.

A avaliación na Área poderá responder aos catro aspectos seguintes: contidos de área, hábitos de traballo do alumnado, grao de integración en relación co grupo, actitude hacia o estudo da materia e actitude fronte ao uso e estudo da lingua inglesa (facemos fincapé en que esta actitude se valorará sempre de xeito positivo).

No que se refire á avaliación dos contidos de Área, terase en conta o grao de dominio dos contidos establecidos na programación, así como o grao de dominio dos contidos de ampliación traballados nas láminas.

a) Durante o curso:

Unha condición imprescindible para superar a materia consiste na realización e entrega dos traballos que indique o profesor/a. Estes deberán corresponderse cos obxectivos mínimos exigibles no curso (referenciados no punto anterior).

Ademais destes traballos, poderán utilizarse ao longo do curso outros instrumentos de avaliación como:

- Revisión do caderno de traballo no que poden constar anotacións, resúmenes e esquemas, proxectos de traballo, bosquejos, etc. Serán en lingua inglesa cando se lles indique. Farán apontamentos das expresións e vocabulario en inglés, que a profesora lles indique cada día.
- Probas escritas (en inglés e nas linguas maternas, dependendo do grao de dificultade dos contidos) baseadas nos cuestionarios de verificación.
- Observación sistemática da forma de traballo do alumno/a na clase e da súa participación nos traballos de grupo, así como do seu interese polo uso da lingua inglesa tanto na fala como na escrita.

- Revisión do material de traballo, para comprobar que o alumno leva o material a clase (caderno e libro de texto), que sabe usalo, e que o coida.

As actividades de recuperación e de ampliación ao longo do curso, se porán en marcha nos momentos da recapitulación, atendendo ás necesidades concretas, propoñendo ao alumnado a realización dos traballos que resulten máis adecuados ás súas necesidades.

Os resultados da avaliación servirán non só no que se refire ao alumno/a, senón tamén para estudar o funcionamento de todo o proceso de ensinanza e alterar o seu desenvolvemento ou introducir cambios cando sexa necesario.

b) Na proba extraordinaria de setembro:

Os alumnos que non superen a asignatura na avaliación ordinaria de xuño, poderán presentarse a unha proba extraordinaria no mes de setembro.

Esta proba consistirá en dúas partes:

1) Realización e entrega dos traballos fixados polo profesor/a, baseados nos contidos mínimos do curso. Os enunciados de ditos traballos serán recollidos nunha lista coas instrucións necesarias para lévalos a cabo. Os traballos que coincidan cos elaborados durante o curso deberán ser feitos e entregados de novo.

2) Realización e entrega, na data marcada, dun exercicio que recollerá algúns dos contidos mínimos exixidos. Para isto, o alumno deberá levar o día do exame, o material obrigatorio no curso.

A parte 1) é imprescindible para superar a proba extraordinaria de setembro.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

a) Durante o curso:

Os alumnos que non obteñan unha avaliación positiva durante o curso, deberán repetir os traballos indicados polo profesor/a e presentar os que no seu momento lle faltasen, tanto os de tipo práctico como as probas teóricas.

b) Recuperación de alumnos pendentes:

Os alumnos de coa asignatura de Educación Plástica e Visual pendente de 1º ou 3º de E.S.O., deberán entregar, nas datas que se lle indiquen para cada curso, unha serie de exercicios que recollan os contidos mínimos exixibles.

Ademáis, na data fixada do mes de maio, o alumno deberá realizar unha proba presencial, que pode consistir nunha das dúas seguintes:

- Si non entregou traballos durante o curso: realización dun exercicio práctico e un teórico indicado pola xefa de departamento, nos cales demostrará a consecución dos contidos mínimos.
- Si entregou traballos durante o curso: Presentación, de xeito oral ou escrito, explicando os conceptos tratados en cada exercicio e os procedimentos e materiais empregados.

A xefa de departamento, de acordo co profesor/a que imparta a asignatura no curso a recuperar, pode regular o seguimento periódico dos alumnos que estean interesados, recollendo os traballos ao longo do curso, para facer as correccións necesarias. Tal feito non impide ao alumno a posibilidade de facelo exclusivamente na data fixada para a recuperación de pendentos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Levaráanse a cabo as medidas de atención á diversidade que requira o alumnado, que poderán consistir en **adaptacións curriculares personalizadas**, en **actividades de reforzo**, **agrupamentos específicos** e **Programas de Diversificación Curricular**, que se adaptarán ás características de cada alumno unha vez detectadas as necesidades. As actividades de reforzo na nosa materia se poñen en práctica dentro da aula.

Na área de Educación Plástica e visual aténdese á diversidade do alumnado de distintas formas:

- Diversifícase a información conceptual para que cada grupo de alumnos, según o criterio do profesor, poda elixir os apartados máis adecuados.
- Asíumense as diferencias no interior do grupo e propoñense exercicios de diversa dificultade de execución.
- Distínguense os exercicios que se consideran realizables pola maioría dos alumnos.
- Facilitase a avaliación individualizada na que se fixan as metas que o alumno debe alcanzar a partir de criterios derivados da súa propia situación inicial.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Planifícanse saídas según axenda cultural as seguintes institucións: Caixa Galicia (A Coruña), Fundación Barrié de la Maza (A Coruña), Fundación Macuf (A Coruña), Fundación CIEGC (Betanzos), Cidade da Cultura (Santiago de Compostela).

Coordínaranse diversos concursos con normalización lingüística: carteis de Entroido, postais de nadal, deseño de logotipos, de camisetas, e exposicións de traballos, en función das necesidades do centro.

Ademáis, dentro da Sección Bilingüe utilizaranse materiais audiovisuais en inglés (por exemplo: traballos de animación ou stop-motion, tutoriales de fotografía, publicidade, etc) de acordo co tema traballado na aula aproveitando, ademáis da práctica do idioma, a diferenza cultural de traballos que proveñen de fóra das nosas fronteiras.

Nuria Pena Figueruelo

X.D.

Guitiriz, 24 de setembro de 2019.